



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrochán
OURENSE



Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse

o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a quince de outubro de mil novecentos noventa e tres.

VISTO o expediente de clasificación do Monte como veciñal en man común denominado "DAS LAMAS", a solicitude dos veciños de SEOANE, parroquia de Seoane, no Concello de O Carballiño.

RESULTANDO que con data 28 de setembro de 1992, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, asinado por D. Emilio Alvarez Camiña, veciño do pobo de Seoane, no Concello de O Carballiño, solicitando se declare o Monte "DAS LAMAS" coma veciñal en man común.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE



RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada en Ourense o día 14 de outubro de 1993,, acordou tomar en consideración o escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte "DAS LAMAS" designando instructores do mesmo a D. MANUEL BOUZAS COSTA e DONA ELENA BARCA RAMOS, quenes aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de O Carballiño, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo de SEOANE ó Ilmo. Sr. Presidente da Diputación Provincial de Ourense, ó Presidente da Cámara Agraria Local, ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de O Carballiño, e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industrias Forestais, e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello de O Carballiño, durante o prazo de un mes segundo consta en dilixencia extendida polo Secretario do Concello de O Carballiño, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados poideran comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada nengunha alegación.

10.

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de O



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

Carballiño, como segue: Monte "DAS LAMAS" ó Tomo 446, libro 110
de Carballiño, folio 215, anotación letra A.



RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse
todas formalidades legais.

VISTOS, A Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de
Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento de 4 de setembro
de 1992, así como o establecido na Lei de Procedemento
Administrativo de 17 de xullo de 1958.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común, ten Xurisdicción e competencia para
coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal
carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que
institue a Lei de Montes Veciñais en Man Común ten coma
características esenciais as seguintes: 1) Que os condminos
údense por vínculos personais de vecindade agrupados en
parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE



forma parte en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO que segundo informacións e testimonios resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños de Seoane no Concello de O Carballiño.

Os datos do citado monte son:

- Superficie: 8'4515 Has.

- Lindes:

N. : Jaime Iglesias Iglesias, herdeiros de Angela de la Fuente, Salvador e David Nóvoa García,



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

e outros propietarios.



S.: Jose Piteira, Jose Novoa Fernández,
Concepción Fernández Filgueira, e outros
propietarios.

E.: Ignacio González Rodríguez, Esperanza
Fernández Barroso, Juan Alonso Alvarez, e
outros propietarios.

O.: Julio García, Delia Godoy, Manuel Casado
Araujo, e outros propietarios.

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta
que os veciños do pobo de SEOANE, están conformes coa - - -
clasificación do citado monte como veciñal en man común.

CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes
Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación, iniciouse
po Acordo do Xurado, a instancia dos veciños do pobo de SEOANE,
para que iste Xurado poida acorda-la iniciación do expediente de
clasificación.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e
unanimidade dos seus membros.



A C O R D A:

PRIMEIRO.- CLASIFICA-lo monte denominado "DAS LAMAS"
de 8'4515 Has. de superficie a favor dos veciños do pobo de
SEOANE, parroquia de Seoane, no Concello de O CARBALLIÑO, e cos
lindeiros descritos no Considerando terceiro, coma veciñal en man
común, en réxime de comunidade xermánica.

SEGUNDO.- Que se proceda á exclusión do citado monte
de calquera inventario, catálogo ou Rexistro Público no que
poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta
á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde - Presidente,
ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de
Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que
contra esta Resolución poiden interpoñe-lo Recurso de Reposición



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL


XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN

Rúa Progreso, 181 - Entrechán
OURENSE

perante este Xurado Provincial no prazo de UN MES a partir do día seguinte a súa publicación coma previo ó Contencioso - Administrativo perante a Sá correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



[Handwritten signatures]





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **24 de xuño de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VII.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "De Seoane, Das Lamas e Do Mesón", pertencente á CMVMC de Seoane, no concello do Carballiño .

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 2 de outubro de 2023 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe a totalidade dos perímetros dos montes da súa pertenza, os cales non presentan lindeiros con outras comunidades de montes.

A citada CMVMC presentou posteriormente un escrito de modificación ou mellora voluntaria da súa solicitude inicial, co que acompaña unha memoria e arquivos xeográficos vectoriais modificados.

De acordo co informe do servizo de montes do día 23 de novembro de 2023 as modificacións propostas aféctanlle exclusivamente ao MVMC De Seoane, que quedaría cunha superficie de 11,35 ha fronte ás 11,28 ha da proposta inicial.

De acordo co citado informe, o Xurado acordou a aprobación da revisión do esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 5 de xullo de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 3 de xullo de 2024, relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común De Seoane, Das Lamas e Do Mesón, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Seoane, no concello do Carballiño.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do MVMC De Seoane, Das Lamas e Do Mesón, pertencente á CMVMC de Seoane, no concello do Carballiño, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 28.8.2023, a CMVMC de Seoane presentou unha solicitude (Rexel núm. 2023/2362269) de revisión de esbozo dos montes da súa pertenza, situados no concello do Carballiño.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Asemblea Xeral do 28.6.2023.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.
- Informes de validación gráfica alternativos.

Segundo. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 2 de outubro de 2023 en relación coa citada solicitude. Nel indícase se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe a totalidade dos perímetros dos montes da súa pertenza, os cales non presentan lindeiros con outras comunidades de montes.

Dentro destes lindeiros, unha parte substancial deles corresponde a terreos expropiados á propia comunidade con posterioridade aos acordos de clasificación; terreos que



pasaron á titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo co obxecto de implantar neles parte do parque empresarial do Carballiño. Esta afección, malia estar recoñecida para os tres montes de Seoane, finalmente só se materializou nos terreos do MVMC De Seoane.

Porén, na proposta de revisión inclúense outras dúas afeccións por expropiación das cales non hai constancia no Rexistro de MVMC pero que, á vista da ortoimaxe recente, son evidentes; por un lado, trátase da traza da vía do AVE Ourense-Santiago (R.C. 32020A00209012), que afectaría o propio MVMC De Seoane; e, por outro lado, da traza da estrada autonómica OU-504, Ribadavia-Cea (R.C. 32020A00209001), que afectaría o MVMC Das Lamas.

A maiores, e aínda que non veña así sinalado na memoria da revisión, na cartografía proposta para o MVMC Do Mesón obsérvase tamén a exclusión dunha franxa de terreo correspondente coa traza da estrada autonómica OU-206, O Carballiño-Cea.

Respecto desta infraestrutura, ao igual que as indicadas no parágrafo anterior, non consta no Rexistro de MVMC ningún acto de disposición relacionado, ben que parece evidente que as ditas infraestruturas deben ter a condición de dominio público de estradas e de ferrocarrís, respectivamente.

As superficies dos MVMC De Seoane, Das Lamas e Do Mesón, unha vez modificados os esbozos, serían de 11,28 ha, 5,71 ha e 0,94 ha fronte ás 21,47 ha, 8,4515 ha e 1,3172 ha dos respectivos acordos de clasificación.

Tendo en conta o anterior, emítase informe favorable sobre a revisión do esbozo dos MVMC De Seoane, Das Lamas e Do Mesón.

Terceiro. A citada CMVMC presentou posteriormente un escrito de modificación ou mellora voluntaria (Rexel 2023/3061264, do 16.11.2023) da súa solicitude inicial, co cal acompaña unha memoria e arquivos xeográficos vectoriais modificados.

De acordo co informe do Servizo de Montes do día 23 de novembro de 2023, as modificacións propostas afectan exclusivamente o MVMC De Seoane, que quedaría cunha superficie de 11,35 ha fronte ás 11,28 ha da proposta inicial.

Consideracións legais e técnicas:

Único. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.



De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que existen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándoos e completándoos con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta os informes favorables do Servizo de Montes dos días 2 de outubro de 2023 e 23 de novembro de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 24 de xuño de 2024:


Aprobar a proposta de revisión de esbozo dos MVMC De Seoane, Das Lamas e Do Mesón, pertencente á CMVMC de Seoane, no concello do Carballiño.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 5 de xullo de 2024

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense






Permuta realizada entre la CMVMC de Seoane y Gri Towers Galicia S.L.

- Finca recibida por la CMVMC
- Finca segregada aportada por la CMVMC

AUTOR:
Rafael Altamirano Cabeza
Ingeniero de Montes

LOCALIZACIÓN: O CARBALLIÑO. OURENSE.
PERTENENCIA: CMVMC DE SEOANE.
SISTEMA DE PROYECCIÓN
Datum ETRS89. Proyección UTM. Zona N Huso 29.



- Revisión de esbozo MVMC de Seoane
- Revisión de esbozo MVMC das Lamas
- Revisión de esbozo MVMC do Mesón
- Parcelas afectadas fuera del croquis de clasificación

Revisión de los esbozos de clasificación
MVMC DE SEOANE, MVMC DAS LAMAS E MVMC DO MESÓN
PLANO 3: REVISIÓN DE ESBOZO SITUACION CATASTRAL